



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 17 de xullo de 2020(849/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e corenta minutos do día dezasete de xullo de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a xefa de Asesoramento, Sra. García Álvarez, por ausencia da titular da Asesoría Xurídica.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(569).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**2(570).- CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCION, ASISTENCIA TECNICA, SERVIZO DE PRODUCCION, ASISTENCIA TECNICA E SERVIZOS AUXILIARES PARA A REALIZACION DE CONCERTOS E ESPECTACULOS DE PEQUENO FORMATO EN DISTINTOS PUNTOS DA CIDADE DENTRO DO FESTIVAL DE VERÁN, CON MOTIVO DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2020” POR PROCEDIMENTO ABERTO. EXPTE. 8506/335.**

Visto o informe xurídico do 17/07/2020, dase conta do informe-proposta de data 17/07/2020, asinado polo xefe do servizo, conformado pola concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES.**

Con data 16 de xullo de 2020 o concelleiro delegado da area de Festas e Turismo , ditou orden de inicio de expediente (artigo 116 LCSP) para contratación do servizo de produción, asistencia técnica e servizos auxiliares para a realización de concertos e espectáculos de pequeno formato en distintos puntos da cidade dentro do Festival de Verán, con motivo do programa “Vigo en Festas 2020”- Festival de Verán mediante procedemento aberto e tramitación urxente.

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, de data 16 de xullo de 2020,
- O contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2020, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 27 de decembro de 2019 e publicado no perfil de contratante.
- Memoria económica, de data 16 de xullo de 2020.
- Prego de Prescripciones tecnicas, de data 16 de xullo, correxido con data 17 de xullo.
- Memoria xustificativa, de data 16 de xullo de 2020.
  - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto
  - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
  - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
  - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
  - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
  - Ao tratarse dun servizo no que o custo económico principal son custos laborais, consta que se consideraron os termos económicos dos convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais aplicables (artigo 102.1 e 3 LCSP).



## Concello de Vigo

- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
- Non se establecen tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
  - Informe do xervizo de contratación do 16 de xullo de 2020
  - Prego de cláusulas administrativas do 16 de xullo de 2020

## II.- CONDICIÓN S DEFINITORIAS DO CONTRATO.

### 1.-OBXECTO

A prestación do servizo de produción, asistencia técnica e servizos auxiliares para a realización de 15 espectáculos/concertos que se realicen en diferentes localizacións do centro da cidade, barrios e parroquias do municipio de Vigo, con motivo do programa “Vigo en Festas 2020”.

Dentro do obxecto do contrato inclúese toda a infraestrutura necesaria para a realización de cada un dos espectáculos programados, tales como montaxe a desmonte dos escenarios, equipos de iluminación e son, etc., así como os elementos complementarios a estes, sanitarios portátiles, valos, botiquín, extintores e outros materiais que son necesarios para o desenvolvemento da programación artística. Todo o material será instalado e desmontado no lugar onde se celebre o concerto á conta do contratista e polos seus propios medios.

### 2.- LOTES:

Non. De conformidade co previsto no artigo 99.3 LCSP, o obxecto do presente contrato non se divide en lotes, xa que a realización independente das diversas prestacións que constitúen o seu obxecto dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico, así como a que a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións podería verse imposibilitada pola súa división en lotes.

As diferentes prestacións contempladas no obxecto do contrato están vinculadas entre si, son complementarias e non separables, polo que debe tratarse como unha unidade funcional.

### **3.- XUSTIFICACIÓN DA INSUFICIENCIA DE MEDIOS NOS CONTRATOS DE SERVIZOS**

O Servizo de Festas do Concello de Vigo inclúe na súa programación anual, a organización do programa de “Vigo en Festas 2020”, que conleva a contratación da produción e asistencia técnica e dos servizos auxiliares dos espectáculos/concertos que se celebran en distintos puntos do centro da cidade, barrios e parroquias do municipio nos meses de agosto e setembro.

O Servizo de Festas non dispón dos recursos técnicos e humanos necesarios para a realización destes traballos, non estando prevista na Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo a ampliación do dito cadro de persoal coa incorporación de persoal coa cualificación e formación técnica requirida para o desenvolvemento das prestacións previstas no presente contrato, polo que para afrontar todas as necesidades derivadas da realización deste servizo faise necesaria a contratación externa deste servizo.

### **4.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN**

#### **4.1.- Procedemento de adxudicación.**

O procedemento de adxudicación do presente contrato de servizos, , será ABERTO regulado no artigo 156 da LCSP.

No relativo á clasificación do contrato segundo o establecido no artigo 17 da LCSP, trátase dun contrato de servizos.

#### **4.2.-Forma de tramitación:**

O expediente tramitarase polo procedemento **urxente**.

Xustificación da urxencia: a urxencia da contratación ven motivada pola necesidade da adxudicación do contrato con anterioridade a execución da actividade festival de verán do Programa Vigo en Festas aprobado pola Xunta de Goberno local en data 9.06.2020, non habéndose tramitado coa antelación suficiente en atención ao seguinte

- O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus COVID-19 a nivel de pandemia internacional e posteriormente o 13 de marzo de 2020, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o acordo polo que se declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego) como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Así mesmo o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarou en todo o territorio nacional o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 que tras un período inicial de quince días naturais foi obxecto de ata seis prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.
- O Real Decreto 555/2020, do 5 de xuño, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado



## Concello de Vigo

de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, prevé, no seu artigo 5, que a superación de todas as fases previstas no Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia de COVID-19, determinará que queden sen efecto as medidas derivadas da declaración do estado de alarma nas correspondentes provincias, illas ou unidades territoriais. Ademais, conforme o artigo 6 do mesmo real decreto, serán as comunidades autónomas as que poidan decidir, aos efectos do artigo 5 e consonte a criterios sanitarios e epidemiolóxicos, a superación da fase III nas diferentes provincias, illas ou unidades territoriais da súa Comunidade e, polo tanto, a súa entrada na «nova normalidade».

- No DOG de data 13.06.2020 publicouse a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020 e modificada posteriormente por Resolución do 25 de xuño, que ten como obxecto, establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020 establecendo, entre outras, medidas concretas respecto a celebración de actividades recreativas e espectáculos públicos.
- Neste contexto, razóns de protección da saúde pública aconsellan a non execución do programa Vigo en Festas tal e como se vén realizando todos os anos respecto das actuacións e espectáculos no auditorio de Castrelos e co fin de buscar un equilibrio entre a necesaria protección da saúde pública e o incremento no número e intensidade das actividades que favoreza a recuperación da vida social e económica a Xunta de Goberno Local en sesión de data 9 de xullo de 2020 prestou aprobación ao Programa de Vigo en Festas 2020 que comprende, entre outros, a realización dun Festival de verán con concertos e espectáculos de pequeno formato en distintos puntos da cidade actividades que, en todo caso, desenvolveranse conforme as medidas de prevención en materia COVID establecidas pola autoridade sanitaria e medidas de seguridade que correspondan segundo o marco legal vixente.

E por isto que o Concello, a proposta do servizo de festas, non puido aprobar e determinar o contido do Programa Vigo en Festas 2020 (aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 9.07.2020) ata a publicación das medidas preventivas por parte da autoridade sanitaria respecto da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas, polo que unha vez determinado e co fin do seu desenvolvemento na tempada estival considerase conforme ao interese xeral a tramitación urxente do expediente para a súa adxudicación con anterioridade ao desenvolvemento do Festival de Verán.

### **4.3.- O obxecto do contrato identifícase co código CPV seguinte:**

92312100-2: “Servizos artísticos de produtores de teatro, grupos de cantantes, bandas e orquestras”.

## **5.- PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN**

A determinación dos prezos unitarios, orzamento base de licitación e mais do valor estimado do contrato realizouse segundo o establecido nos artigos 100, 101 e 102 da LCSP.

### **5.1.- Orzamento base de licitación**

O orzamento máximo de licitación é de 79.150,62 euros (IVE excluído), ao que hai que engadir 16.621,63 euros en concepto de IVE (21%), ascendendo por tanto, o presuposto á cantidade de 95.772,26 **euros** (IVE incluído).

O presuposto base de licitación deste contrato determinouse considerando unha estimación dos custos de execución material da prestación, os gastos xerais e o beneficio industrial e os custos laborais segundo "Convenio Colectivo de aplicación, Na estimación dos custos inclúense tamén os gastos derivados das obrigas de cotización a Seguridade Social por conta da empresa.

Polo que se refire aos custos laborais, tomouse como base fundamentalmente o Convenio colectivo de eventos, servizos e producións culturais de Galicia, táboa salariais exercicio 2019.

Para a fixación do orzamento de licitación tívose en conta os prezos dos contratos similares tramitados por este servizo en anos anteriores o custo que este tipo de servizos ten no seu sector profesional, así como a referencia de prezos e estudos de mercado que as empresas deste ámbito están a ofrecer, resultando a seguinte desagregación de custos directos e indirectos:

Unidades	Descrición servizo	Importe/€
	Recursos humanos: 1 coordinador de produción ( periodo execución contrato) 2.200,00 euros 2 operarios limpeza (2 hrs.día a 13,13 € hora) x 15 eventos, : 787,85 1 operarios control de acceso ( 3 hrs. Día a 13,13 € hora) x 15 eventos.590,85 1 operario auxiliar de control de acceso ( 3 hrs. Día a 13,13 € hora) x 15 eventos . 590,85	4.189,50 €
8	Escenarios (aluguer, montaxe+ torres laterais + persoal de montaxe/desmonte e transporte e limpeza desinfección)	12.600,00 €
1	Equipamentos luces e son + persoal montaxe x 15 eventos	30.000,00 €
8	Extintores máis recargas	80,00 €
26	Dispensadores Xel hidroalcohólico	110,50 €
1	Wc. sanitarios portátiles para 15 localizaciónes	2.850,00 €



## Concello de Vigo

500	Valos de protección a 13,34 €	6.670,00 €
1000	Cadeiras montaxe, desmontaxe e desinfección	5.500,00 €
2	Botiquin ( botiquin) y reposicion elementos, para 15 ubicacións.	180,00 €
	Transporte, montaxe, desmontaxe e desinfección de valos e cadeiras	3.500,00 €
	Cinta para delimitar	300,00 €
	Materiais de limpeza	100,00 €
	<b>Total custos directos</b>	<b>66.080,00 €</b>
	13% Gastos xerais	8.590,40 €
	<b>SUBTOTAL</b>	<b>74.670,40 €</b>
	6% Beneficio Industrial	4.480,22 €
	<b>SUBTOTAL VALOR ESTIMADO</b>	<b>79.150,62 €</b>
	IVE 21%	
	<b>TOTAL (IVE incluído)</b>	<b>95.772,26 €</b>

### **5.2.- Valor estimado do contrato**

O cálculo do valor estimado do contrato realizouse descontando o IVE ao orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 e 102 da Lei 9/2017, por canto neste contrato non se prevén modificación nin prórroga.

De acordo co anterior, **o valor estimado do contrato ascende a 79.150,62 euros.**

No antedito importe están incluídos as porcentaxes de beneficio industrial e os gastos xerais.

### **5.3.- Prezo do contrato**

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do contrato e incluirá, como partida independente o ive.

A oferta do licitador deberá ser, en todo caso, igual ou inferior ao orzamento base de licitación. En caso contrario, será excluída da licitación.

### **6.-REVISIÓN DE PREZOS.**

Tendo en conta as características do obxecto do contrato non procede a revisión de prezos.

## **7.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DO ARTIGO 7.3 DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DE 27 DE ABRIL**

O importe da licitación podería tramitarse con cargo á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario da Área de Festas e Turismo para o vixente exercicio económico.

O contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

## **8.- PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA.**

### **Prazo de execución**

o prazo de execución será inmediato de dous meses dende a sinatura do contrato.

As instalacións e os medios técnicos e humanos deberán estar a punto unha hora antes do comezo da celebración do espectáculo/concerto (22:00 horas).

Os espectáculos/concertos do programa "Vigo en Festas 2020", dirixidos ao público xeral e adulto terá lugar nos meses de agosto e setembro.

### **Prórroga**

Non está prevista a realización de prórroga.

## **9.-SOLVENCIA**

Solvencia económica e financeira

a) Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios:Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior:

- Ao valor estimado do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, cando a súa duración non sexa superior a un ano.
- Á anualidade media do prezo do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano.

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

b) Documento acreditativo de posuír a clasificación alternativa.

Solvencia técnica e profesional

Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios:





## Concello de Vigo

- Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o prezo do contrato.

Se o contrato se licitase por lotes, a anualidade media será a do lote ou lotes aos que presente proposta o licitador.

Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

- Documento acreditativo de posuír a clasificación alternativa.

Se o contrato non está suxeito a regulación harmonizada, as empresas de nova creación (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a 5 anos) a solvencia técnica poderá acreditarse por algún dos medios previstos nas letras b) a i) do apartado 1 do artigo 90 da LCSP, agás que nas FEC se sinalen outros distintos. A documentación acreditativa destes extremos achegarase polo primeiro clasificado con carácter previo á adxudicación do contrato.

### **10.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN E XUSTIFICACIÓN.**

#### **Critérios avaliábeis mediante a aplicación de fórmulas: Ata 100 puntos**

Terase en conta os seguintes criterios:

1.- Incremento do número mínimo de controladores de acceso previsto no apartado 21 desta memoria para cada evento (1 controlador): valorarase con ata 30 puntos

Para valorar este criterio outorgarase 15 puntos para cada controlador de acceso a maiores do mínimo esixido.

2.- Incremento do número mínimo de auxiliares previsto no apartado 21 desta memoria (1 auxiliar): valorarase con ata 30 puntos

Para valorar este criterio outorgaranse 15 puntos por cada auxiliar a maiores do mínimo esixido.

3.- Redución do prezo: valorarase con ata 22 puntos

Para a valoración deste criterio aplicaranse as fórmulas previstas na cláusula 16 deste prego.

4.- Incremento do nº de wc sanitarios portátiles a instalar en cada evento a maiores do mínimo esixido (1 unidade): valorarase con ata 18 puntos

Para valorar este criterio outorgaranse 6 puntos por cada wc a maiores do mínimo esixido.

Para valorar estes criterios aplicaranse as fórmulas establecidas no apartado xustificación das fórmulas desta memoria.

## **XUSTIFICACIÓN DAS FÓRMULAS**

**2.- Para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valore unha diminución dos valores propostos pola Administración** (menor prezo, menor prazo, menores consumos, etc.) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia das baixas.

**a) Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):**

O valor da baixa ofertada obterase restando ao valor proposto pola Administración o valor ofertado polo licitador.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. En función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais ou desproporcionados serán descartadas para este cálculo:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).

**b) Para valorar baixas inferiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:**

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vrb}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio



## Concello de Vigo

Vof: valor ofertado de baixa

Vrb: valor referencia das baixas

c) **Para valorar baixas iguais ou superiores ao Vrb** aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * P_{mx} + \frac{0,20 * P_{mx} * A}{B}$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e o Vrb

B: a maior diferenza entre o valor de baixas ofertadas e o Vrb

3.- As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que contendan valores anormais ou desproporcionados de acordo co establecido na cláusula 17 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula.

4.- Na aplicación das fórmulas só se terán en conta dous decimais.

5.- Os eventuais empates resolveranse:

Os eventuais empates resolveranse no primeiro lugar a favor das proposicións presentadas por aquelas empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao imposto pola normativa vixente. Para acreditar esta circunstancia será preciso presentar os contratos de traballo e documentos de cotización á Seguridade Social dos traballadores discapacitados. Se esta circunstancia concorre en varias das empresas empatadas, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

Se continuase o empate aplicarase o resto dos criterios de desempate regulados no artigo 147 da LCSP segundo a orde que nel se establece.

### **11.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS.**

Considerarase que a proposición contén ofertas anormalmente baixas nos seguintes casos:

- a) Considerarase que son ofertas anormalmente baixas aquelas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.

- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e a que conteña o valor máis baixo.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

## **12.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE COMPATIBILIDADE**

No presente suposto non concorre ningún dos requisitos de incompatibilidade previstos no artigo 70 da LCSP.

## **13.- PRAZO DE GARANTÍA.**

Non se considera necesario a esixencia de garantía. Dada a natureza do contrato, no momento de dar conformidade ao mesmo determinarase a súa correcta execución, quedando nese momento extinguida a responsabilidade do contratista.

## **14.- SUBCONTRATACIÓN**

O contratista poderá concertar con terceiros a realización parcial da prestación obxecto do contrato, conforme aos artigos 215 e 216 da LCSP.

Non se identifican tarefas críticas que non admitan subcontratación.

## **14.- MODIFICACIÓNS DO CONTRATO**

Non se prevén modificacións.

## **15.- RESPONSABLE DO CONTRATO**

Aos efectos do artigo 62 da LCSP, o seguimento e execución do contrato correspóndelle ao Servizo de Festas e a persoa responsable do contrato será o Xefe/a ou o técnico/a responsable do Servizo, á quen lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación do contrato.

## **16.- REFERENCIA AO RÉXIME DE PAGAMENTO**

O pagamento do prezo do contrato efectuarase, tras a presentación das correspondentes facturas con suxeición aos requisitos que establece na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público, e tras a conformidade polo responsable do contrato, do seguinte xeito:



## Concello de Vigo

O pago do prezo do contrato efectuarase, logo de que o contratista presente as correspondentes facturas, que serán conformadas polo responsable do contrato, do seguinte xeito:

Un 25% o inicio do contrato por canto é necesario adquirir recursos materiais para o desenvolvemento do mesmo.

O 75% restante unha vez executados os 15 .eventos incluídos no obxecto do contrato.

Conforme á Disposición adicional trixésima segunda da LCSP, o contratista terá a obriga de presentar a facturas correspondentes que expedise no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, a través da plataforma FACE- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado- <http://administracionelectronica.gob.es/ctt/face-> de conformidade co establecido na citada Lei 25/2013.

Os Códigos para a súa presentación son os seguintes:

- a) Oficina contable: GE0000575 SERVICIOS ECONÓMICOS
- b) Órgano xestor: L01360577 CONCELLO DE VIGO
- c) Unidade tramitadora: GE0000660 ANIMACIÓN CULTURAL.

### 17.- SEGURO

O adxudicatario deberá ter subscrita unha póliza de seguro que cubra a responsabilidade civil por un importe mínimo de 900.000,00 euros derivada da execución do contrato. O sublímite por vítima será de 300.000,00 euros.

**A empresa adxudicataria terá que presentar copia da póliza e copia do último recibo que xustifique que esta ao corrente no pagamento ata finalizar o período de contratación.**

O Concello de Vigo ten contratados os servizos de mediación, correduría e asesoramento profesional para a xestión dos riscos en que poida incorrer esta Administración con ARTAI CORREDURIA DE SEGUROS, S.A. 986439600.

### 18.- LUGAR DE ENTREGA

Os traballos obxecto deste contrato terán lugar nas 15 localizacións dos barrios, parroquias e núcleos urbanos do Municipio de Vigo que se numeran:

1. Teis-Rioux (Parque da Rioux)
2. Porta do Sol (Praza da Porta do Sol,
3. Bouzas (Praza da Igrexa)
4. Navia PAU
5. Cabral
6. San Miguel (Liñares)
7. Matamá (Torreiro da Festa de Matamá)

8. Candeán (Novo Torreiro)
9. Coia
10. Bembrive (Pista deportiva de Bembrive)
11. Beade (Torreiro das Festas de Beade)
12. Sárdoma
13. Praza do Berbés
14. Zamáns
15. Lavadores

O Concello de Vigo resérvase o dereito de modificar a ubicación do espectáculo/concerto, se o considera pertinente ou por causas de forza maior, comunicándoo sempre con a debida antelación.

## **19.- CAUSAS DE SUSPENSIÓN DO CONTRATO.**

### SUSPENSIÓN DE ESPECTÁCULOS/CONCERTOS:

#### 1.- Por causa grave ou de forza maior

O responsable do contrato poderá acordar a suspensión de algún espectáculo/concerto. Neste caso fixará xunto co contratista unha nova data para a súa realización. Enténdese por causa grave, entre outras, o perigo inminente para a vida ou a integridade das persoas e as inclemencias meteorolóxicas.

#### 2.- Por mor das medidas adoptadas polas autoridades con ocasión do Covid- 19

Se algún concerto non puidese celebrarse na data prevista debido ás restricións e medidas extraordinarias impostas polas autoridades competentes ante a pandemia do Covid-19, establecerase de mutuo acordo entre as partes unha nova data de celebración do mesmo.

## **20.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN**

De acordo co establecido no artigo 202.1 da LCSP e directamente vinculadas co obxecto do, establécese como condición especial de tipo social ou relativas ao emprego a seguinte:

- A obrigaón de dar cumprimento á totalidade das determinacións do convenio colectivo sectorial que resulte de aplicación.

Esta condición especial de execución ven recollida no artigo 202.2 da LCSP e esíxese neste contrato co obxectivo de profundar nunha contratación socialmente máis responsable.

## **21.- OBLIGACIONES.**

### OBRIGAS DO CONCELLO



## Concello de Vigo

- a) Por a disposición do adxudicatario os lugares e espazos públicos nos que se teña que realizar as actuacións e actividades programadas nas condicións adecuadas para a instalación dos escenarios e demais equipos.
- b) Instalar papeleiras ou contedores de residuos nos acceso e saída do recinto en cada unha das 15 localizacións.

### OBRIGAS DO CONTRATISTA

- a) Dispor de 1 controlador no acceso e 1 auxiliar na saída para os días de celebración de concertos para evitar aglomeracións, levar a cabo o control de aforo e manter as medidas de seguridade. O controlador contará coa habilitación preceptiva para o control de acceso a espectáculos.
- b) O aboamento dos gastos que xere o contrato (produción, transporte, carga-descarga, montaxe-desmonte, mantemento, etc.).
- c) Todos os materiais e equipos deberán ser adecuados para o desenvolvemento das actividades e deberán contar coas homologacións esixidas pola normativa vixente.
- d) Deberá cumprir a normativa laboral, da Seguridade Social e do cumprimento do Real decreto 171/2004, de 30 de xaneiro, de prevención de riscos laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais, de acordo coa normativa interna do Concello de Vigo; cumprirse co recollido na Guía de Coordinación de Actividades Empresariais aprobada polo pleno do Concello de Vigo.
- e) A empresa adxudicataria velará pola seguridade do público respecto das montaxes e instalacións. Deberá cumprir co estipulado no Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas, na Lei de Galicia 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e calquera outra lexislación aplicable en materia de seguridade.
- f) A empresa adxudicataria e o persoal ao seu servizo deberán cumprir o Acordo do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, modificada pola resolución do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de xuño de 2020. En concreto, o apartado 3.35 do anexo sobre medidas de prevención a aplicar en “festas, verbenas e outros eventos populares”.
- g) Será responsable de que nos espazos onde se desenvolverán as actuacións cumpran as medidas de seguridade, hixiene e ambientais legalmente esixibles e necesarias para poder levar a cabo a actuación. En concreto, manterá os espazos limpos e as instalacións desinfectadas para cada concerto que se celebre conforme a citada normativa.
- h) Será responsable de impedir que se introduzan no recinto do concerto botellas, latas e outros obxectos contundentes que puidesen ser perigosos.

### III.- PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación urxente do contrato do servizo de produción, asistencia técnica e servizos auxiliares para a realización de concertos e espectáculos de pequeno formato en distintos puntos da cidade dentro do Festival de Verán, con motivo do programa “Vigo en Festas 2020”- Festival de Verán.

**Segundo:** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 17 de xullo de 2020 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de 16 de xullo de 2020 pola Xefa do Servizo de Contratación do SERVIZO DE PRODUCCIÓN, ASISTENCIA TÉCNICA E AUXILIARES PARA A REALIZACIÓN DE DIVERSOS ESPECTÁCULOS/CONCERTOS A CELEBRAR CON MOTIVO DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2020”

**Terceiro:** Autorizar o gasto polo importe base de licitación 95.772,26 € €, e sendo o valor estimado do contrato de 79.150,62 euros con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo)

**Cuarto:** *Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **3(571).- CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓNS MUSICAIS NO “CICLO DE BANDAS DE MUSICA “AO SON DAS FESTAS DE VIGO” A CELEBRAR CON MOTIVO DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2020” POR PROCEDIMENTO ABERTO. EXPTE. 8507/335.**

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 17/07/2020, dase conta do informe-proposta de data 17/07/2020, asinado polo xefe do servizo, conformado pola concelleira-delegada de Festas e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **I.- ANTECEDENTES.**

Con data 16 de xullo de 2020 o concelleira delegado da area de Festas e Turismo , ditou orden de inicio de expediente (artigo 116 LCSP) para contratación do servizo de actuacións musicais “Ciclo de Bandas de Múisc “Ao son das Festas de Vigo”

Procedemento aberto e tramitación urxente.

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, de data 16 de xullo de 2020,





## Concello de Vigo

- O contrato non está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2020, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 27 de decembro de 2019 e publicado no perfil de contratante.
- Memoria económica, de data 17 de xullo de 2020.
- Prego de Prescricións técnicas, de data 17 de xullo.
- Memoria xustificativa, de data 17 de xullo de 2020.
  - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto
  - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
  - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
  - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
  - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
  - Polo que se refire aos custos laborais de produción, tomouse como base fundamentalmente o Convenio colectivo de eventos, servizos e producións culturais de Galicia, táboa salariais exercicio 2019. O presuposto base de licitación deste contrato determinouse considerando unha estimación dos custos de execución material da prestación de actividades musicais de bandas os gastos xerais e o beneficio industrial. Na estimación dos custos inclúense tamén os gastos derivados das obrigas de cotización a Seguridade Social por conta da empresa. Para a fixación do orzamento de licitación tívose tamén en conta os prezos dos contratos similares tramitados por este servizo en anos anteriores.
  - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
  - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
  - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
  - Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
  - Non se establecen tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).
  - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
  - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
  -

- Informe do xervizo de contratación do 17 de xullo de 2020
- Prego de cláusulas administrativas do 17 de xullo de 2020

## **II.- CONDICIÓN DEFINITORIAS DO CONTRATO.**

### **1.-OBXECTO**

Constitúe o obxecto do contrato a prestación dos servizos necesarios para a realización de diversas actuacións musicais para a execución da actividade Ciclo de bandas de Música “Ao son das Festas de Vigo” dentro do Programa Vigo en Festas 2020 aprobado pola Xunta de Goberno local de data 9.07.2020. Estas actividades poden encadrarse na competencia municipal de “Promoción da cultura e equipamentos culturais” (artigos 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 80.2.n da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia).

O contrato ten a natureza de contrato de servizos de carácter privado conforme o establecido no artigo 25.1.a) da LCSP.

### **2.- LOTES:**

Non. De conformidade co previsto no artigo 99.3 LCSP, o obxecto do presente contrato non se divide en lotes, xa que a realización independente das diversas prestacións que constitúen o seu obxecto dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico, así como a que a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións podería verse imposibilitada pola súa división en lotes.

As diferentes prestacións contempladas no obxecto do contrato están vinculadas entre si, son complementarias e non separables, polo que debe tratarse como unha unidade funcional.

### **3.- XUSTIFICACIÓN DA INSUFICIENCIA DE MEDIOS NOS CONTRATOS DE SERVIZOS**

O Programa Vigo en Festas 2020 aprobado pola Xunta de Goberno local de data 9.07.2020 contempla o desenvolvemento da actividade Ciclo de bandas de Música “Ao son das Festas de Vigo.

O Servizo de Festas non dispón dos recursos técnicos e humanos necesarios para a realización destes traballos, non estando prevista na Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo a ampliación do dito cadro de persoal coa incorporación de persoal coa cualificación e formación técnica requirida para o desenvolvemento das prestacións previstas no presente contrato, polo que para afrontar todas as necesidades derivadas da realización deste servizo faise necesaria a contratación externa deste servizo.

### **4.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN**

#### **4.1.- Procedemento de adxudicación.**

O procedemento de adxudicación do presente contrato de servizos, a vista do seu valor estimado, será aberto regulado no artigo 156 da LCSP, con arranxo a criterios cuantificables



## Concello de Vigo

mediante a mera aplicación de fórmulas, polo que todo empresario poderá presentar unha proposición. cun solo criterio de adxudicación, o prezo.

No relativo á clasificación do contrato segundo o establecido no artigo 17 da LCSP, trátase dun contrato de servizos.

### 4.2.-Forma de tramitación:

O expediente tramitarase polo procedemento **urxente**.

Xustificación da urxencia: a urxencia da contratación ven motivada pola necesidade da adxudicación do contrato con anterioridade a execución da actividade festival de verán do Programa Vigo en Festas aprobado pola Xunta de Goberno local en data 9.06.2020, non habéndose tramitado con coa antelación suficiente en atención ao seguinte

- O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus COVID-19 a nivel de pandemia internacional e posteriormente o 13 de marzo de 2020, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o acordo polo que se declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego) como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Así mesmo o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarou en todo o territorio nacional o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 que tras un período inicial de quince días naturais foi obxecto de ata seis prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados
- O Real Decreto 555/2020, do 5 de xuño, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, prevé, no seu artigo 5, que a superación de todas as fases previstas no Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia de COVID-19, determinará que queden sen efecto as medidas derivadas da declaración do estado de alarma nas correspondentes provincias, illas ou unidades territoriais. Ademais, conforme o artigo 6 do mesmo real decreto, serán as comunidades autónomas as que poidan decidir, aos efectos do artigo 5 e consonte a criterios sanitarios e epidemiolóxicos, a superación da fase III nas diferentes provincias, illas ou unidades territoriais da súa Comunidade e, polo tanto, a súa entrada na «nova normalidade.
- No DOG de data 13.06.2020 publicouse a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020 e modificada posteriormente por Resolución do 25 de xuño, que ten como obxecto, establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020 establecendo, entre outras, medidas concretas respecto a celebración de actividades recreativas e espectáculos públicos.
- Neste contexto, razóns de protección da saúde pública aconsellan a non execución do programa Vigo en Festas tal e como se vén realizando todos os anos respecto

das actuacións e espectáculos no auditorio de Castrelos e co fin de buscar un equilibrio entre a necesaria protección da saúde pública e o incremento no número e intensidade das actividades que favoreza a recuperación da vida social e económica a Xunta de Goberno Local en sesión de data 9 de xullo de 2020 prestou aprobación ao Programa de Vigo en Festas 2020 que comprende, entre outros, a realización dun Festival de verán con concertos e espectáculos de pequeno formato en distintos puntos da cidade actividades que, en todo caso, desenvolveranse conforme as medidas de prevención en materia COVID establecidas pola autoridade sanitaria e medidas de seguridade que correspondan segundo o marco legal vixente.

E por isto que o Concello, a proposta do servizo de festas, non puido aprobar e determinar o contido do Programa Vigo en Festas 2020 (aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 9.07.2020) ata a publicación das medidas preventivas por parte da autoridade sanitaria respecto da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas, polo que unha vez determinado e co fin do seu desenvolvemento na tempada estival considerase conforme ao interese xeral a tramitación urxente do expediente.

#### 4.3.- O obxecto do contrato identifícase cos códigos CPV seguintes:

92312130-1 Servicios artísticos de bandas de músicos.

79952000-2- Servizo de eventos

### 5.- PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN

A determinación dos prezos, orzamento base de licitación e mais do valor estimado do contrato realizouse segundo o establecido nos artigos 100, 101 e 102 da LCSP.

#### **5.1.- Orzamento base de licitación**

O orzamento máximo de licitación é de 80.806,79 euros (IVE excluído), ao que hai que engadir 16.969,43 euros en concepto de IVE (21%), ascendendo por tanto, o presuposto á cantidade de 97.776,22 **euros** (IVE incluído).

O presuposto base de licitación deste contrato determinouse considerando unha estimación dos custos de execución material da prestación de actividades musicais de bandas os gastos xerais e o beneficio industrial. Na estimación dos custos inclúense tamén os gastos derivados das obrigas de cotización a Seguridade Social por conta da empresa.

Polo que se refire aos custos laborais de produción, tomouse como base fundamentalmente o Convenio colectivo de eventos, servizos e producións culturais de Galicia, táboa salariais exercicio 2019.

Para a fixación do orzamento de licitación tívose en conta os prezos dos contratos similares tramitados por este servizo en anos anteriores.

Unidades	Descrición servizo	Importe/€
----------	--------------------	-----------



## Concello de Vigo

27	Actuacións musicais en diferentes ubicacións de barrios e parroquias da cidade. Inclúese as cadeiras para os músicos.	51.000,00 €
1	Coordinación das actuacións	4.000,00 €
	Producción:	
1	Equipos de son (27 actuacións x 250,00 €)	6.750,00 €
100	Cadeiras público ( 27 actuacións x 4,50 €). Portes, montaxe, desmontaxe mais desinfección.	12.150,00 €
1	Controlador de accesos 27 actuacións x13,45 €x 3hrs.)	1.089,45 €
1	Auxiliar de saídas 27 actuacións x13,45 €x 3hrs.)	1.089,45 €
6	Valos delimitación perimetral ( 27 actuacións x 3 €/ud.) montaxe, desmontaxe e desinfección.	486,00 €
14	Cinta de balizamento perimetral x 25 €	350,00 €
	<b>Total custos directos</b>	<b>76.914,90 €</b>
	3% Gastos xerais	2.307,45 €
	<b>SUBTOTAL</b>	<b>79.222,35 €</b>
	2% Beneficio Industrial	1.584,45 €
	<b>SUBTOTAL VALOR ESTIMADO</b>	<b>80.806,79 €</b>
	IVE 21%	
	<b>TOTAL (IVE incluído)</b>	<b>97.776,22 €</b>

O prezo de cada actuación ascende 3621,34 (IVE incluído)

### **5.2.- Valor estimado do contrato**

O cálculo do valor estimado do contrato realizouse descontando o IVE ao orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 e 102 da Lei 9/2017, por canto neste contrato non se prevén modificación nin prórroga.

De acordo co anterior, o valor estimado do contrato ascende a 80.806,79 euros

No antedito importe están incluídos as porcentaxes de beneficio industrial e os gastos xerais.

### **5.3.- Prezo do contrato**

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do contrato e incluirá, como partida independente o iva.

A oferta do licitador deberá ser, en todo caso, igual ou inferior ao orzamento base de licitación. En caso contrario, será excluída da licitación.

#### 6.-REVISIÓN DE PREZOS.

Tendo en conta as características do obxecto do contrato non procede a revisión de prezos.

#### 7.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DO ARTIGO 7.3 DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DE 27 DE ABRIL

O importe da licitación podería tramitarse con cargo á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario da Área de Festas e Turismo para o vixente exercicio económico.

O contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

#### 8.- PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA.

##### Prazo de execución

O contrato ten unha duración de dous meses contados dende a data de formalización do contrato administrativo.

##### Prórroga

Non está prevista a realización de prórroga.

#### 9.-SOLVENCIA

A solvencia económica e financeira acreditarase mediante a presentación de xustificante de existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por un importe mínimo de 300.000 euros.

##### Solvencia técnica e profesional

En cumprimento do establecido no artigo 90 da LCSP, a solvencia técnica e profesional dos licitantes deberá acreditarse tendo en conta os seus coñecementos técnicos, experiencia e fiabilidade, o que terá que acreditarse polos seguintes medios:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os recollido no obxecto do contrato no curso dos tres últimos anos, no que se indique o importe, a data e o contratante público ou privado dos mesmos. Cando sexa requirido polo órgano de contratación os servizos e traballos realizados acreditaranse mediante certificado expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; e cando o destinatario sexa privado, mediante certificado expedido por este.
- Declaración indicando o material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos o prestacións, a que se achegará a documentación acreditativa pertinente.

#### 10.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN E XUSTIFICACIÓN.

##### **Critérios avaliáveis mediante a aplicación de fórmulas: Ata 100 puntos**



## Concello de Vigo

Terase en conta como criterios de valoración, avaliabile mediante fórmulas os seguintes:

- Redución do prezo máximo do contrato ata un máximo de 70 puntos.
- Incremento do tempo duración de cada unhas das actuacións sobre o mínimo esixido no prego de prescricións técnicas (45 minutos).- cada tramo de cinco minutos valorase con 10 puntos ata máximo de 30 puntos

Para valorar este criterio aplicarase a fórmula establecida no apartado xustificación das fórmulas desta memoria.

### XUSTIFICACIÓN DAS FÓRMULAS

**2.- Para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valore unha diminución dos valores propostos pola Administración** (menor prezo, etc.) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia das baixas.

#### **a) Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):**

O valor da baixa ofertada obtérase restando ao valor proposto pola Administración o valor ofertado polo licitador.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. En función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais ou desproporcionados serán descartadas para este cálculo:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).

#### **b) Para valorar baixas inferiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:**

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vrb}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de baixa

Vrb: valor referencia das baixas

#### **c) Para valorar baixas iguais ou superiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:**

$$P = 0,80 * Pmx + 0,20 * Pmx * A$$

## B

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e o Vrb

B: a maior diferenza entre o valor de baixas ofertadas e o Vrb

**2º.- Para valorar aqueles criterios nos que se valore un aumento dos valores propostos pola Administración** (aumento prazo de garantía, incrementos de persoal, incremento do control da calidade, etc) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia dos incrementos.

### a) Calculo do valor referencia dos incrementos (Vri):

O valor do incremento ofertado obterase restando ao valor ofertado polo licitador o valor proposto pola Administración.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor do incremento. En función do número de ofertas admitidas, por cada fracción de 5 ofertas admitidas, serán descartadas para este cálculo:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de incremento non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia dos incrementos (Vri).

b) **Para valorar incrementos inferiores ó Vri** aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vri}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de incremento

Vri: valor referencia dos incrementos

c) **Para valorar incrementos iguais ou superiores ao Vri** aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * Pmx + \frac{0,20 * Pmx * A}{B}$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor do incremento ofertado e o Vri

B: a maior diferenza entre o valor de incremento ofertadas e o Vri





## Concello de Vigo

3.- As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que contengan valores anormais ou desproporcionados de acordo co establecido na cláusula 17 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula.

4.- Na aplicación das fórmulas só se terán en conta dous decimais.

5.- Os eventuais empates resolveranse no primeiro lugar a favor da oferta que inclúa un menor prezo.

En segundo lugar, a favor da empresa que obtivese a maior puntuación nos criterios avaliables mediante xuízo de valor establecidos na cláusula 8.A das FEC, por orde de importancia en canto á maior ponderación asignada en cada un dos criterios. En caso de que se asine idéntica ponderación aos criterios, pola orde na que se relacionen na cláusula 8.A das FEC.

De persistir o empate, resolverase a favor das proposicións presentadas por aquelas empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2 %. Para acreditar esta circunstancia será preciso presentar os contratos de traballo e documentos de cotización á seguridade social dos traballadores discapacitados. Se esta circunstancia concorre en varias das empresas empatadas, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

Se continuase o empate efectuarase un sorteo.

### 11.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS.

Considerarase que a proposición contén ofertas anormalmente baixas nos seguintes casos:

- a) Considerarase que son ofertas anormalmente baixas aquelas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e a que conteña o valor máis baixo.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

#### **12.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE COMPATIBILIDADE**

No presente suposto non concorre ningún dos requisitos de incompatibilidade previstos no artigo 70 da LCSP.

#### **13.- PRAZO DE GARANTÍA.**

Non se considera necesario o establecemento de prazo de garantía. Dada a natureza do contrato, no momento de dar conformidade ao mesmo determinarase a súa correcta execución, quedando nese momento extinguida a responsabilidade do contratista.

#### **14.- SUBCONTRATACIÓN**

O contratista poderá concertar con terceiros a realización parcial da prestación obxecto do contrato, conforme aos artigos 215 e 216 da LCSP.

Non se identifican tarefas críticas que non admitan subcontratación.

#### **14.- MODIFICACIÓNS DO CONTRATO**

Non se prevén modificacións.

#### **15.- RESPONSABLE DO CONTRATO**

Aos efectos do artigo 62 da LCSP, o seguimento e execución do contrato correspóndelle ao Servizo de Festas e a persoa responsable do contrato será o Xefe/a ou o técnico/a responsable do Servizo, á quen lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación do contrato.

#### **16.- REFERENCIA AO RÉXIME DE PAGAMENTO**

O pagamento do prezo do contrato efectuarase, tras a presentación das correspondentes facturas con suxeición aos requisitos que establece na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público, e tras a conformidade polo responsable do contrato, do seguinte xeito:

O pago do prezo do contrato efectuarase, logo de que o contratista presente as correspondentes facturas, que serán conformadas polo responsable do contrato, do seguinte xeito:

- Un 25% o inicio do contrato por canto é necesario adquirir recursos materiais para o desenvolvemento do mesmo.
- O 75% restante unha vez executados os 27 actuacións incluídos no obxecto do contrato.



## Concello de Vigo

Conforme á Disposición adicional trixésima segunda da LCSP, o contratista terá a obriga de presentar a facturas correspondentes que expedise no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, a través da plataforma FACE- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado- <http://administracionelectronica.gob.es/cti/face-> de conformidade co establecido na citada Lei 25/2013.

Os Códigos para a súa presentación son os seguintes:

- a) Oficina contable: GE0000575 SERVICIOS ECONÓMICOS
- b) Órgano xestor: L01360577 CONCELLO DE VIGO
- c) Unidade tramitadora: GE0000660 ANIMACIÓN CULTURAL.

### 17.- SEGURO

O adxudicatario deberá ter subscrita unha póliza de seguro que cubra a responsabilidade civil por un importe mínimo de 300.000 euros derivada da execución do contrato.

A empresa adxudicataria terá que presentar copia da póliza e copia do último recibo que xustifique que esta ao corrente no pagamento ata finalizar o período de contratación.

O Concello de Vigo ten contratados os servizos de mediación, correduría e asesoramento profesional para a xestión dos riscos en que poida incorrer esta Administración con ARTAI CORREDURIA DE SEGUROS, S.A. 986439600.

### 18.- LUGAR DE ENTREGA

Os traballos obxecto deste contrato terán lugar nas distintas localizacións dos distintos barrios, parroquias e núcleos urbanos do Municipio de Vigo segundo o calendario de actuacións que determine o servizo de Festas dentro do Programa Vigo en Festas 2020. O lugar concreto seralle comunicado polo responsable do contrato cunha antelación de dous días.

### 19.- CAUSAS DE SUSPENSIÓN DOS EVENTOS

#### 1.- Por causa grave ou de forza maior:

En caso de suspensión de algún concerto nas datas sinaladas en primeiro término acordárase entre o Servizo de Festas e a empresa contratista unha nova data para a súa realización dentro do prazo total de execución do contrato e, se nos fose posible, abonarase ao contratista o servizo realizado. Enténdese por causa grave ou de forza maior, entre outras, o perigo inminente para a vida ou a integridade das persoas e inclemencias meteorolóxicas,

#### 2.- Polas medidas do covid 19:

Se algún concerto non puidese celebrarse na data prevista debido ás restricións e medidas extraordinarias impostas polas autoridades competentes ante a pandemia do Covid-19, establecerase de mutuo acordo entre as partes unha nova data de celebración dentro do prazo total de execución do contrato e, se nos fose posible, abonarase ao contratista o servizo realizado.

### 20.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

Conforme o establecido no art. 202 la LCSP, establécense neste contrato as seguintes condicións especiais de execución de tipo social:

Coa finalidade de eliminar as desigualdades entre o home e a muller no mercado laboral, favorecendo a aplicación de medidas que fomenten la igualdade entre mulleres e homes no traballo:

A empresa contratista garantirá a igualdade entre mulleres e homes no trato, no acceso ao emprego, clasificación profesional, promoción, permanencia, formación, extinción, retribucións, calidade e estabilidade laboral, duración e ordenación da xornada laboral.

Así mesmo, durante a execución do contrato, a empresa contratista manterá medidas que favorezan a conciliación persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución.

A adxudicataria, con carácter previo á formalización do contrato, deberá indicar á responsable do contrato as medidas de conciliación e igualdade a adoptar.

### **III.- PROPOSTA**

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro:** Declaración da urxencia do presente expediente.

**Segundo:** Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación urxente do contrato do servizo de produción, asistencia técnica e servizos auxiliares para a realización de concertos e espectáculos de pequeno formato en distintos puntos da cidade dentro do Festival de Verán, con motivo do programa “Vigo en Festas 2020”- Festival de Verán.

**Terceiro:** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 17 de xullo de 2020 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de 17 de xullo de 2020 pola Xefa do Servizo de Contratación do SERVIZO DE ACTUACIÓNS MUSICAIS NO “CICLO DE BANDAS DE MUSICA “AO SON DAS FESTAS DE VIGO”A CELEBRAR CON MOTIVO DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2020”

**Cuarto:** Autorizar o gasto polo importe base de licitación 97.776,22 euros (IVE incluído). e sendo o valor estimado do contrato de 76.914,90 € con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo)

**Quinto:** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(572).- APROBACIÓN DO PROGRAMA DE ACTUACIÓNS DAS FESTAS DO NADAL 2020-2021. EXPTE. 7281/106.**



## Concello de Vigo

Dáse conta do informe-proposta de data 15/07/2020, asinado polo xefe de Área de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Festas Especiais, que di o seguinte:

O artigo 25.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local determina que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e conforme o parágrafo segundo de dito artigo o municipio exercerá competencias propias e, entre outras, en materia de promoción da cultura, da actividade turística de interese e ámbito local e ocupación do tempo libre.

A Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais do Concello de Vigo ten entre os seus principais obxectivos, a través do servizo de Festas Especiais, a programación de festas tradicionais e acontecementos que supoñan manifestacións de valores culturais, históricos e sociais e de tradición popular, con especial consideración das súas características etnolóxicas. Estes eventos revisten unha especial importancia como elementos socializadores e de atractivo turístico, fomentando a dinamización do comercio local e contribuíndo ao movemento económico e a difusión da marca de cidade de Vigo.

E por isto que, dentro da planificación das políticas públicas, como elemento clave da xestión pública e co fin de dotar maior transparencia e publicidade, ordenouse a instrución do expediente de aprobación da **programación de Festas Especias 2020** (7189/106) remitido con data 13/03/2020 para inclusión da orde do día Xunta de Goberno, non acadando resolución e procedéndose ao seu arquivo, ao non concorrer neste a declaración de excepcionalidade requirida polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (modificado polo Real Decreto 465/2020) consecuencia da posterior declaración do Estado de aAlarma e conforme ao indicado na Disposición Adicional Terceira, sobre a suspensión automática da totalidade dos trámites e a interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público.

Declarada a situación de pandemia internacional pola OMS o 11/03/2020 e adoptadas polo Goberno do Estado as importantes medidas de contención da crise sanitaria mediante a restrición da mobilidade cidadá, xunto co peche temporal e parcial da economía, atopámonos actualmente cun escenario de recesión económica e social sen precedentes, cun impacto devastador (con caída do PIB entre o 9% e o 15%) que defire moito na rama económica que estamos considerando, pero que azota de forma máis intensa no sector terciario de servizos (restauración, ocio, hoteis, viaxes, comercio polo miúdo, etc).

Ante o citado cadro económico e social adquire maior importancia a necesidade de contar con plans de recuperación paulatina, novos recursos e solución creativas de reactivación, sendo a vindeira Festividade de Nadal unha boa oportunidade que contribúe á reversión desta situación, na medida que se considera esta nos últimos anos como un dos eventos máis importantes que xera máis atractivo turístico-comercial do ano en Vigo e de recoñecida tradición na cidade.

A dinamización e ambientación das zonas comerciais da cidade nestas datas constitúen elementos clave que contribúen ao impulso da economía, xerando un atractivo que potencia indubidablemente o sector turístico e de ocio. Durante os últimos anos, o Nadal olívico estase a consolidar como unha festa de recoñecido prestixio nacional e internacional.

A aposta do goberno local pola Campaña de Nadal e o seu posterior impacto nos medios de comunicación converteuse nun factor de atracción de visitantes inédito, incrementándose ano a ano o número de viaxeiros, como se pode constatar nos diferentes rexistros dos orga-

nismos oficiais. A creación dun espazo temático propio con iluminación, ornamentación, exposicións e actividades de ocio e comercialización constitúe un pilar fundamental do Nadal olívico, baseado na mestura de tradición, socialización e reactivación da economía local, que estende o seu impacto á área metropolitana da cidade e norte de Portugal.

Dende o Servizo de Comercio considérase de cara a unha axeitada planificación do servizo e facilitar a transparencia, así como acadar unha maior representatividade, colaboración e participación cidadá en determinados proxectos, a aprobación do Programa de actuación da Festa de Nadal 2020-2021.

**PRIMEIRO.-** *Aprobación do Programa de actuación da Festa de Nadal 2020-2021 que se desenvolverá entre novembro 2020 e xaneiro 2021.*

1.- “Cíes Market”: mercadillo temático de Nadal e atraccións recreativas.

*Cíes Market localizarase e desenvolverase na contorna da Praza de Compostela, rúa Areal e rúa Colón e comprenderá a instalación na vía pública dos seguintes elementos e estruturas que a continuación se indican:*

- 1. Casetas de venda (50 unidades aproximadamente).*
- 2. Noria xigante.*
- 3. Atraccións infantís.*
- 4. Iluminación, decoración de Nadal e servizos necesarios para o funcionamento.*
- 5. Tren turístico.*

*O Concello promoverá o procedemento administrativo mediante a oportuna convocatoria de licenza/autorización de ocupación de dominio pública en réxime de concorrencia pública.*

2.- Mercadillo temático de Nadal Príncipe, rúa Londres

*O mercadillo localizarase e desenvolverase na contorna da rúa Príncipe-rúa Londres e comprenderá a instalación na vía pública dos seguintes elementos e estruturas.*

*–Casetas de venda ambulante decoradas coa estética de Nadal (10 casetas aproximadamente).*

*–Iluminación, decoración e ornamentación acorde coa dita estética.*

*O Concello promoverá o procedemento administrativo mediante a oportuna licitación da licenza/autorización de ocupación de dominio público en réxime de concorrencia pública.*

3.- Mercadillo temático de Nadal Calvario, peonil rúa Urzaiz

*O mercadillo localízase e desenvolverase na contorna do Calvario e comprenderá a instalación na vía pública dos seguintes elementos e estruturas:*



## Concello de Vigo

1. Casetas de venda ambulante decoradas coa estética de Nadal (cun mínimo de 10 casetas).
2. Iluminación, decoración e ornamentación acorde con dita estética.
3. Actividades de animación infantil e actividades de animación de rúa.

O Concello promoverá o procedemento administrativo mediante a oportuna licitación da licenza/autorización de ocupación de dominio público en réxime de concorrencia pública.

### 4.- Atraccións recreativas

O Concello promoverá o procedemento administrativo mediante a oportuna licitación da licenza/autorización de ocupación de dominio público en réxime de concorrencia pública.

1. Contorna Porta do Sol: tiovivo-carrusel clásico.
2. Praza da Independencia: tiovivo-carrusel clásico.
3. Praza do Progreso: tren infantil con instalación de peche perimetral.
4. Rosalía de Castro, 6-18: pista de xeo.
5. Areal, xardíns González de Haz: pista de xeo aire libre.
6. Parking avenida de Samil (fronte ao número 75): pista de xeo cuberta.
7. Parking avenida de Samil (fronte ao número 75): pista de kars.

### 5.- Tren turístico

Co obxecto de potenciar os servizos turísticos con motivo do Nadal considérase de interese posibilitar circuítos turísticos pola cidade mediante a licitación da licenza/autorización do uso de dominio público de trens turísticos.

### 6.- Outra actividades recreativas

Así mesmo, o Concello ao obxecto de captar proxectos de actividades recreativas preferiblemente de carácter innovador (espectáculos de inverno, atraccións 3D, parques temáticos, obradoiros infantís, atraccións acuáticas, etc.) ambientados no Nadal a desenvolver nos espazos de esparexemento que deseguido se relacionan, promoverá unha convocatoria en réxime de concorrencia ao abeiro do artigo 96 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas para o cal os interesados poderán presentar memoria do proxecto no Rexistro electrónico do Concello no prazo de trinta días hábiles dende o día seguinte a publicación do anuncio correspondente no BOP e no Perfil do Contratista.

- Teis: Praza do mercado, Tournal de abaixo, s/nº.
- Bouzas: Praza de Eduardo Cabello e Alameda Suárez Llanos.
- Travesas: Praza Xuíz Orencio Pérez González (rúa A Coruña,9).
- Praza do Berbés.
- Praza de Portugal.
- Coia: Avda Castelao, 48-52 (torreiro de festas).

*7.- Actividades e espectáculos de animación sociocultural, concertos, circo temático de Nadal e actividades de animación de rúa de promoción pública municipal ou mediante patrocinios privados.*

*Cada procedemento desenvolverá as condicións técnicas e administrativas a través dos pregos correspondentes. Todos os procedementos contemplados neste programa de actuación publicaranse no BOP, no Portal de Transparencia e na páxina web do Concello de Vigo, tras a súa aprobación por parte do órgano competente.*

**SEGUNDO.-** *Publicar o presente acordo no Portal de transparencia*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez